

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

ORDE do 21 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan seis bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña (código de procedemento PE609B). (DOG núm. 102 de 3 de xuño)

ANTECEDENTES

- 1.- No DOG núm. 102 do 3 de xuño de 2026 publicouse a Orde do 21 de maio de 2026 pola que se aproban as bases e se convocan seis bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña (Código de procedemento PE609B).
- 2.- De acordo co artigo 13.1, o órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Coordinación e Apoio á Xestión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
- 3.- Con data de 5 de agosto de 2026 publicouse na páxina web oficial da Consellería do Mar a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, conforme ao establecido no artigo 13.1 da Orde.
- 4.- Conforme ao estipulado no artigo 13.5 orde reguladora, a Comisión de Valoración, unha vez valoradas as solicitudes de acordo coas bases da convocatoria, elaborou a listaxe para a proposta de adxudicación das bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña para persoas con titulación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior e titulación de técnicos de ciclos formativos de grao medio, segundo se acordou na xuntanza da comisión de valoración (Acta nº 1 de 6 de agosto de 2026).
- 5.- As persoas solicitantes propostas pola Comisión de Valoración cumpren cos requisitos e condicións necesarias para obter a condición de persoas beneficiarias das axudas, conforme ao establecido nas bases reguladoras desta orde de convocatoria.
- 6.- Existe crédito axeitado e suficiente para a concesión das bolsas nas aplicacións orzamentarias 16.03.561A.480.0 e 16.03.561A.484.0 e, código de proxecto 2013 00688, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 7.- Con data de 7 de agosto de 2026 o órgano instrutor propón a resolución de adxudicación das bolsas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Único: Na tramitación deste expediente, ademais da ORDE do 21 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan seis bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña (código de procedemento PE609B).(DOG núm. 102 de 3 de xuño), tívose en conta o seguinte marco normativo:

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



regulamento de execución.

4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

6. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

7. Calquera outra norma da Unión Europea, nacional ou autonómica, vixente que resulte de aplicación.

RESOLUCIÓN

En base ao citado anteriormente, á vista da proposta de resolución de adxudicación das bolsas do órgano instructor, e ao disposto no marco normativo aplicable, no uso das facultades que me foron delegadas,

RESOLVO:

1. Adxudicar as bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña para persoas con titulación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior e titulación de técnicos de ciclos formativos de grao medio ás persoas que de seguido se relacionan, de acordo co disposto no artigo 13.4 da citada orde:

PERSOAS ADXUDICATARIAS							
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI	Familia profesional	Título	PUNT. TOTAL	IMPORTE
Leiro	Cidón	Carlos	***2717**	Marítimo-Pesqueira	Técnica/o superior en Acuicultura	52,10	24.000,00 €
Sanmartín	Fraga	María José	***5478**	Marítimo-Pesqueira	Técnica/o superior en Acuicultura	50,80	24.000,00 €
Pérez	Méndez	Noa	***4653**	Sanidade	Técnica/o superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico	42,90	24.000,00 €
Camba	Beloso	Santiago	***3057**	Sanidade	Técnica/o superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico	32,30	24.000,00 €
Ortiz	Flórez	Sindy Carolina	***9968**	Química	Técnica/o superior en Laboratorio de Análise e de Control Calidade	42,40	24.000,00 €
Castro	Pardo	María	***2397**	Química	Técnica/o Operacións de Laboratorio	56,10	24.000,00 €

De acordo co artigo 6.4 da convocatoria, a contía das bolsas será de 1.000,00 euros brutos mensuais.

As persoas beneficiarias das bolsas integraranse no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

2. Establecer unha listaxe de suplentes única, por orde decrecente de puntuación, que poderá ser operativa no caso de que a persoa bolseira seleccionada non se incorpore na data establecida, cando manifeste expresamente a súa non aceptación á bolsa ou renuncie a esta unha vez aceptada, así como cando se proceda á súa revogación.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



PERSOAS SUPLENTES						
APELIDO1	APELIDO 2	NOME	DNI	Familia profesional	Título	PUNT. TOTAL
Bouzada	Maneiro	Antón	***0104**	Marítimo-Pesqueira	Técnica/o superior en Acuicultura	47,65

3. Excluir as solicitudes que se relacionan de seguido:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
VILLAR ROMARÍS, MARÍA VICTORIA	***9099**	a

CÓDIGO	CAUSA DA EXCLUSIÓN
a	Non acreditar estar en posesión do título de Técnico/a Superior dos Ciclos Formativos de Grao Superior ou o pagamento dos dereitos para a expedición do título ao remate do prazo de presentación de solicitudes (Artigo 4.1)

4. As persoas beneficiarias das bolsas deberán confirmar a súa aceptación ou renuncia no prazo de dez días naturais seguintes a publicación da resolución de adxudicación das bolsas na páxina web da Consellería do Mar. Despois de transcorrer o mencionado prazo, se as persoas beneficiarias das bolsas non se declarasen en ningún sentido, entenderase que aceptan a bolsa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas presentarán declaración responsable na que conste que non gozan doutro tipo de bolsa ou axuda financiada por calquera administración, institucións ou entes públicos, así como que non perciben soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

Tamén, coa aceptación da bolsa, as persoas beneficiarias das bolsas deberán presentar certificación médica acreditativa de non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas.

6. As persoas beneficiarias terán as obrigas establecidas no artigo 17 das bases da convocatoria.

7. O período de realización das bolsas é de dous anos comprendidos entre o 1 de setembro de 2026 e o 31 de agosto de 2028.

8. Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro do Mar no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira do Mar

P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

